



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 7 DE OUTUBRO DE 2019

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/764/2019.- FINANCIERA MADERERA S.A.- Conceder licenza para construción dun silo para almacenamento de acha no lugar de Formarís, 60.

LIC/748/2008.- CONSTRUCCIONES RUAFER SA E RESIDENCIAL M3 SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA DE VIVENDAS.- Conceder licenza para a construción dun edificio de 41 vivendas, 8 locais comerciais, 91 prazas de garaxes e 41 trasteiros na rúa Manuel Ceruelo, 4 (SUNP 14 MAZÁ 3).

RECTIFICACIÓN DE ERRO

LIC/1779/2017.- EUGENIO GONZÁLEZ NOYA.- Rectificar o erro no que se incorreu ao transcribir a referencia catastral da parcela a segregar no acordo adoptado pola Xunta de Goberno do 22.02.2019 e modificar o acordo adoptado.

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para construción dun silo para almacenamento de acha no lugar de Formarís, 60. LIC/764/2019. Concédese a licenza.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para a construción dun edificio de 41 vivendas, 8 locais comerciais, 91 prazas de garaxes e 41 trasteiros na rúa Manuel Ceruelo, 4 (SUNP 14 MAZÁ 3). LIC/748/2008. Concédese a licenza.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á rectificación de erro no que se incorreu ao transcribir a referencia catastral da parcela a segregar no acordo adoptado na sesión de data 22.02.2019 e modificar o acordo adoptado. LIC/1779/2017. Rectifícase o erro.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Festas relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a XESTORA DE CONCERTOS PARA A CONTRIBUCIÓN AOS SERVIZOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS - A.I.E. para a liquidación e recadación da contribución especial para o establecemento, a mellora e a ampliación do servizo de extinción de incendios. Apróbase o devandito convenio, polo que a Xestora se obriga a abonar ao Concello, para cada un dos anos de vixencia do convenio, a cantidade resultante de aplicar o 5% sobre o 100% das primas dos seguros multiriscos, do ramo de incendios, recadadas no ano inmediatamente anterior e que se refiran a bens situados no ámbito xeográfico do concello.

6.- Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais e Saúde, Medio Ambiente e Parques e Xardíns relativas á nova concesión de uso das hortas urbanas do Campo das Hortas e de Belvís de Abaixo. Outórganse as autorizacións de uso das hortas urbanas e listas de agarda segundo os actos públicos realizados, respectivamente o 12 e o 18 de setembro: 54 hortas no Campo das Hortas e 26 hortas en Belvís de Abaixo.

7.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbanse as propostas.

8.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á corrección erro aritmético no punto número 66.D) da sesión de data 7.12.18. Corríxese o erro.

9.- Proposta da concelleira delegada de Contratación relativa ao inicio de trámites para proceder á recepción das obras "Proxecto básico e de execución de "Itinerario peonil seguro para a interconexión de centros de CEIP das Fontiñas". Autorízase o inicio dos trámites.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á solicitude de subvención nominativa á Deputación Provincial da Coruña para financiar o sostemento do centro sociocultural do Ensanche, ano 2019. Apróbase a solicitude dunha subvención por importe de 144.000 euros, que corresponden ao 80% do orzamento subvencionado de 180.000 euros, asumindo o Concello o 20% restante, 36.000 euros.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á solicitude de subvención nominativa á Deputación Provincial da Coruña para financiar o sostemento dos centros socioculturais do ámbito rural do Concello de Santiago durante o ano 2019. Apróbase a solicitude dunha subvención por importe de 140.000 euros, que corresponden ao 80% do orzamento subvencionado de 175.000 euros, asumindo o Concello o 20% restante, 35.000 euros.

12.- Proposta da alcaldía relativa ao traspaso das casetas da Praza de abastos números NC086 e NC087, da titularidade de don MANUEL AMENEIRO GARCÍA, a favor de "GRUPO COMPOSTELA, 2019, S.C.". Autorízase o traspaso.

13.- Proposta da alcaldía relativa ao traspaso da caseta número NC135 da Praza de Abastos, da titularidade de don CARLOS PÉREZ MARTÍNEZ, a favor de dona BEATRIZ PAULA RODRÍGUEZ PAMPÍN. Autorízase o traspaso.

14.- Proposta da alcaldía relativa ao nomeamento do representante do Grupo Municipal Popular no Consorcio da cidade de Santiago. Apróbase o nomeamento como representante do seu voceiro, Alejandro Sánchez-Brunete.

15.- Proposta da alcaldía relativa á designación dos representantes da Corporación Municipal que formarán parte da Mesa Xeral de Negociación no ámbito do Concello de Santiago. Apróbase a designación de todos os concelleiros do Goberno e, en calidade de asesores, da dirección de área de Réxime Interior e dun funcionario de habilitación estatal da área de Intervención.

16.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o CLUB TRIATLÓN SANTIAGO para o ano 2019. Dáse conta da sinatura do devandito convenio, polo que o Concello achega 20.000 euros.

URXENCIAS

1.- Proposta relativa á convocatoria de subvencións para a mellora e innovación do comercio local do programa "Coidar para mellorar". Anualidade 2019. Apróbase a convocatoria e as bases reguladoras, así coma o seu gasto: 25.000 euros para a liña A (axudas para investimentos na adecuación dos locais) e 15.000 euros para liña B (axudas para gastos de comunicación realizada en lingua galega).

2.- Proposta da Alcaldía relativa á autorización de permutas de casetas da praza de Abastos. Autorízanse as permutas solicitadas, de xeito que dona María de los Dolores Míguez Domínguez pasa a ser titular das casetas números NC049 e NC050, deixando libre e a disposición do Concello as números NA355 e NA356; e dona María Purificación López Santos pasa a ser titular da caseta NC077, deixando libre e a disposición do Concello a número NA363.

3.- Proposta da Alcaldía relativa á anulación de traspaso de caseta da praza de Abastos. Autorízase a anulación do traspaso da caseta NC073, acordado na Xunta de Goberno do 17-04-2019 a favor de BA Retail Noroeste, SL, por incumprimento do establecido no artigo 13.1 do Regulamento Municipal da Praza de Abastos. Designase como titular da caseta NC073 á persoa que ostentaba a titularidade antes do citado traspaso, dona Josefina Otero Grela.

4.- Proposta de comité de expertos para a avaliación das propostas de iluminación de Nadal 2019. Noméase como integrantes do comité a Lourdes Pérez Castro, arquitecta, directora técnica da Oficina Técnica do Consorcio de Santiago; Javier Fernández Muñoz, xefe de servizo de Rehabilitación e Vivenda; e José Manuel González García, vicesecretario do Concello de Santiago.